

■ TEXTOS ORIXINAIS E VERSIÓN GALEGA

Hando Runnel

KURBADE KAITSEKS

Kurbade kaitseks ehitan kunagi linna.
Kurbade kaitseks teen neile tellistest majad.
Kurbade kaitseks võretan aknad ja ukсед.
Kurbade kaitseks panen vahid välja.
Kurbade kaitseks keelan kurbusest mõelda.
Kurbade kaitseks nõuan kõikidelt naeru.
Kurbade kaitseks kulutan aastad ja hoole.
Kurbade kaitseks ehitan kurbadelinna.

(1972)

ISAMAA, ISAMAA

Isamaa, isamaa,
kui ma peaksin surema,
siis üks vald jääb vaesemaks,
jääb üks talu tühjemaks.
Isamaa, isamaa,
ilus on siin elada,
kõik siin kõiki tunnevad,
vastamisi vannuvad.

(1976)

EN DEFENSA DOS TRISTES

En defensa dos tristes un día fundarei unha cidade.
En defensa dos tristes fareilles casas de ladrillo.
En defensa dos tristes enreixarei ventás e portas.
En defensa dos tristes apostarei sentinelas.
En defensa dos tristes prohibirei pensamentos tristes.
En defensa dos tristes esixirei que todos rían.
En defensa dos tristes malgastarei anos e coitas.
En defensa dos tristes fundarei a cidade dos tristes.

(1972)

37

MIÑA TERRA, MIÑA TERRA

Miña terra, miña terra,
cando eu morra,
unha aldea ha ser máis pobre
unha casa máis baleira.
Miña terra, miña terra,
que bonito é vivir
onde todos se coñecen
onde todos se maldín.

(1976)

Os anos que aparecen ao pé dos poemas corresponden á súa primeira publicación en libro se van entre parénteses. Remiten en cambio á data de escritura, ou á de aparición nun xornal ou nunha publicación periódica, cando se sitúan entre corchetes (*N. dos T.*).

TÜDINUD KÕIGEST

Tüdinud kõigest, tüdinud armust ja hirmust,
tüdinud tänavaukudest, juustest enese pääs,
tüdinud mõtteist, suurist raamatuvirnust,
tüdinud sellest, et kuskil ei kumagi pääs.

Tüdinud tööstusest, tüdinud paadist ja parvest,
tüdinud autodest, tüdinud aatomijõust,
tüdinud rahust ja sõprusest undavast sarvest,
tüdinud kohtlusest, tüdinud nõukate nõust.

Oled, sest pead, isuta hulgud ja hingad,
seegi su meelest ei muu kui tühi rutiin,
võbelus veel, lillede lõhn, — neid ehk veel hindad,
enesest öelda ei tea, milleks muigutad siin.

Elu sind üllatas kord, otsisid elule mõtet,
nõnda kuis elu sul kaob, nõnda mõtegi kaob,
kerkib ja kaob, pole jäädavat mõtet,
see, mille avastab üks, teise jaoks ikkagi kaob.

(1976)

38

MA POLEGI ISA NÄINUD

ta elu aeg käis tööl,
ta hommikul vara väljus
ja koju jõudis keskööl.

Me lapsed magasime
ja kunagi teda ei näind,
üks kord tema kõrget kuju
ma une seest olen näind.

(1982)

SIIN ELAS ÜKS EESTIMAA EESTLANE,
ma tundsin teda kaude.
Ta oli sündinud Inglismaal,
sääl lõpetand koolid c u m l a u d e .

FARTO DE TODO

Farto de todo, farto do amor e do medo,
farto das fochas, do pelo na propia testa,
farto de ideas, dos grandes andeis de libros,
farto de non ver en ningures unha físgoa de saída.

Farto da industria, farto de botes e balsas,
farto de coches, farto da enerxía nuclear,
farto do chifre que asubía paz e amizade,
farto da necidade, farto do consello dos sabios.

Es porque tes que ser, sen degoiro rúas e respiras,
mesmo iso aparéceseches como simple rutina baleira,
pero un tremor, o recendo de flores – que aínda aprecias,
aunque non sabes dicir por que relambes agora os beizos.

A vida sorprendeute unha vez, procurácheslle un sentido á vida,
mais ao ela esmorecer, non fica sentido ningún,
agroma e esmorece, non fica sentido ningún,
o que un descobre, para outro desaparece.

(1976)

39

NUNCA VIN MEU PAI,
botou a vida a traballar,
marchaba co abrete
e volvía coa noitebra.

Os nenos durmiamos
e nunca o vimos na casa,
pero a súa enorme imaxe
revelouseme unha vez nun soño.

(1982)

AQUÍ EN ESTONIA VIVIU UN INGLÉS,
que coñecín a pasar.
Naceu en Inglaterra,
rematara os seus estudos c u m l a u d e.

Nüüd õpetas eestlasi Eestimaal,
ta mehemeel austajaid võitis,
kuis pimedal ajal jalgrattaga
siin taskulambiga sõitis.

(1982)

ISA OLI JOODIK,
ema oli pai,
lastest lihtsalt väike—
kodanlased said.

Tütrest tuli tõusik,
pojast aatleja,
tele-visi-ooni
välisvaatleja.

Isa pettis rahvast,
ema pettis meest,
lapsed kahtlustavad
targu igameest.

(1982)

40

ILUS ON MAA

I

ME LIIGUME LOOGELDES LOOJANGU POOLE,
me möödame päevaga määratu tee,
me liigume loogeldes loojangu poole,
me süda on rahul, meid rõõmustab see,
et loojangu kannul käib noorendav hommik,
et hommikust algab uus päikesee tee,
me palged on pööratud loojangu poole,
me süda on rahus, meid rõõmustab see,
et koit tuleb loojangu kuklas ja kannul
veel enne kui kustuda jõuabki see,
et koit hakkab lõõmama loojangu kannul
veel enne kui kustuda jõuabki see.

Logo aprendeu aos estonios en Estonia,
gañou admiradores pola súa mente viril,
e montaba en bicicleta como nunha xeira escura,
cunha lanterna na man.

(1982)

O PAI ERA UN BORRACHÓN,
a nai era una estreita,
os fillos resultaron ser—
máis ben da ala dereita.

A filla é unha *parvenu*,
o fillo sutil cronista
de noticias do estranxeiro
para unha canle centrista.

O pai enganaba ás xentes,
a nai enganaba ao pai,
e os fillos moi prudentes
sospeitan de canto hai.

(1982)

41

DO CICLO UNHA TERRA FERMOZA

I

IMOS SERPEANDO CARA AO SOLPOR,
de día calculamos un longo treito de estrada,
imos serpeando cara ao solpor,
o noso corazón está satisfeito, alégranos
que polas pegadas do solpor siga unha mañá anovadora,
que á mañá saia unha nova estrada soleada,
as nosas faces miran ao solpor,
o noso corazón está satisfeito, alégranos
que o abrente vaia a carón das pegadas do solpor
mesmo antes de lle chegar a morte,
que o abrente se arroibe nas pegadas do solpor
mesmo antes de lle chegar a morte.

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

II

TÕUSE ÜLES JA LÄHEME ÄRA,
kaste langeb ja märjaks saab maa,
tõuse üles ja läheme ära,
kauem siia me jääda ei saa;
võta kinni kui tahad veel kaelast,
võta sõrmedest, hoia veel käest,
aga ehted, mis kadusid kaelast,
ükskord tagasi küsid mu käest;
tõuse üles ja läheme ära,
kauem siia küll jääda ei saa,
öö on lühike — hilja või vara
juba on, enam aru ei saa.

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

42

III

ILUS ON SUVI JA ÕHTU,
loojangu värve
langeb me pääle.

Ilus on öö,
tähtede vöö,
võimsaid soove kiirgab me pääle.

Tähed mis õhtuti tõusevad,
hommikul tagasi rändavad
isade maale.

Õhtud mis öö aega sõuavad,
hulguvad, otsivad, jõuavad
pärale hommiku maale.

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

II

ÉRGUETE E VAMOS,
xa cae a rosada, e o chan estase a humedecer,
érguete e vamos,
non podemos quedar máis;
quererás se cadra aínda abrazar o meu colo,
collerme os dedos, collerme do brazo,
pero as xoias que che desapareceron do colo,
un día inda me has pedir que chas volva;
levanta e vamos,
non podemos quedar máis,
a noite é curta — sexa tarde ou cedo,
non podemos dicir ren.

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

43

III

FERMOSOS SON O VERÁN E A TARDIÑA,
cores do solpor
caen sobre nós.

Fermosa é a noite,
o cinto de estrelas,
poderosos desexos irradian onda nós.

Estrelas que asoman na tardiña,
vagan de volta á mañá
cara á terra dos pais.

Seráns que sucán a noite,
rúan, procuran, alcanzan
a terra da mañá.

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

V

EI TAHA MINA TAGASI EI TEA MIS KULDSEID AEGU,
ma tahan olla õnnelik siinsamas ja just praegu
ja nõnda väga õnnelik kuis üldse jaksab olla,
ma tahan olla õnnelik või üldse mitte olla!

(Ei taha mina tagasi noid kaugeid kuldseid aegu,
ma tahan olla ise just siin samas ja just praegu,
just praegu siin just õnnelik just mina tahan olla,
just mina siin, just praegu siin, jah armastada, olla!)

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

VI

MAA TULEB TÄITA LASTEGA

ja täita lastelastega
ja lastelastelastega
maa tuleb täita lastega
ja laulude ja lastega
ja kõige vastu võidelda
mis võõrastav või vaenulik
mis vaenulik või valelik
ja võidelda kus võimalik
kus võimalik ning vajalik
sest elu on kõik vajalik
ja lastele jääb tulevik
ja maa ja kõik see minevik
maa tuleb täita lastega
ja lastelastelastega
kui olev tahab olemist
ja tuleviku tulemist
maa tuleb täita lastega
maa oma enda lastega
ja laulude ja lastega
maa tuleb täita lastega

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

V

NON QUERO QUE VOLVAN OUTROS TEMPOS DOURADOS,
quero ser feliz xusto aquí e namais,
tanto por certo como un poida selo,
¡quero ser feliz ou non ser, e xa está!

(Non quero que volvan aqueles lonxanos tempos dourados,
eu quero ser eu, xusto aquí e namais,
xusto agora, aquí e eu mesmo, feliz quero ser,
¡eu mesmo aquí, xusto aquí e agora, si, amar, ser!).

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

VI

A TERRA DEBE ENCHERSE DE FILLOS

e encherse de netos
e de tataranetos
a terra debe encherse de fillos
e cancións e fillos
e cómpre loitar contra
todo o estraño e hostil
todo o hostil e falso
e loitar onde sexa posíbel
onde sexa posíbel e necesario
porque a vida pasa voando
e para os fillos fica o futuro
e a terra e todo o pasado
a terra debe encherse de fillos
e tataranetos
se o presente quere existir
e que chegue o futuro
a terra debe encherse de fillos
de fillos da propia terra
e cancións e fillos
a terra debe encherse de fillos

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

VIII

EHI, KALLIS, EHI,
ehi ennast mulle,
vaata kuidas ehib
eespool ehakaar. —
Miks end eha ehib?
Kas ei tundu sulle,
et sääl taeva taga—
toas käib pillerkaar?

Ehi, kallis, ehi,
oled armas mulle —
ilusamaks ilmaks
oled sa kui see!
Puusad vastu puusa
mööda maantekruusa
läki lauldes sinna —
pillerkaarile!

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

46

X

ME LIIGUME LOOGELDES LOOJANGU POOLE,
me möödame päevaga määratu tee,
me liigume loogeldes loojangu poole,
me süda on rahul, meid rõõmustab see,
et loojangu kannul käib noorendav hommik,
et hommikust algab uus päikese tee,
et hommikust uus algab päikesel tee,
et koit tuleb taevasse loojangu kannul
veel enne kui kustuda jõuabki see.

Ilus, ilus, ilus on maa,
ilus on maa mida
armastan.

(1982)

VIII

ENFÉITATE, QUERIDA,
enféitate para min,
mira cómo o solpor
se enfeita ante nós —
¿Por que se enfeita o sol?
¿Non cres
que están de festa,
no fondo do ceo?

Enféitate, querida,
parécesme adorábel —
¡Es un mundo
máis belo ca ese!
Xuntiños ao paso
vaimos alí
pola rúa de grava cantando —
¡já festa!

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

47

X

IMOS SERPEANDO CARA AO SOLPOR,
de día calculamos un longo treito de estrada,
imos serpeando cara ao solpor,
o noso corazón está satisfeito, alégranos
que polas pegadas do solpor siga unha mañá anovadora,
que á mañá saia unha nova estrada soleada,
que á mañá saia unha soleada estrada nova,
que o abreinte marche polo ceo nas pegadas do solpor
mesmo antes de lle chegar a morte.

Fermosa, fermosa é a terra,
fermosa é a terra
que eu quero.

(1982)

Andres Ehin

LÕPMATUS

F. García Lorcast tema enda motiividel

Jalakas mõistab sind ja mõistab mätas.
Hapuoblikas teab sinust öelda kõik.
Isegi ämblik saab sinust aru.
Sinust, sa eales silmi ei sule.

52

Muda kuulab sind, päike sind kuulab.
Kõnetad orast ja kändu kõnetad.
Kalad tulevad su juurde ja lumi tuleb
su juurde, sa eales silmi ei sule.

Kass tunneb sind ja tunneb sind valgus.
Sinu südamekambris on vaal ja orav.
Raudrohi ihkab olla su juus.
Kaljud kirevad sinust kui kikkad.
Sinust, sa eales silmi ei sule.

Sinust, sa eales silmi ei sule.
Möödub kõigist karidest su hääle laev.
Jäävad välkuma lõhnavate sõnade pistodad.
Silmapiiri mähid ümber väikese sõrme.
Ja kuklas tunned omaenese kauget pilku.

(1968)

MÄRG ASFALT RATTAL ALT VEEL
poriuljust pritsib
mis mestis ududega madalrõhuga

INFINITUDE

Verbo de F. García Lorca, sobre os seus propios motivos

Enténdete o olmo e enténdete un carolo.
A aceda sábeo todo de ti.
Mesmo unha araña te entende.
Ti, que nunca pecharás os ollos.

Escóitase a lama, escóitase o sol.
Falas cos gromos e falas cunha garocha.
Os peixes achéganseche e a neve vén
a ti, que nunca pecharás os ollos.

Coñécete un gato e coñécete a luz.
Nos teus ventrículos están a balea e o esquío.
O teu pelo ansía ser milfollas.
As rochas cantan de ti coma galos.
De ti, que nunca pecharás os ollos.

De ti, que nunca pecharás os ollos.
O barco da túa voz esquiva os farallóns.
Dagas de aromas verbais escintilarán por sempre.
Has de envolver o horizonte arredor do dedo maimiño
E sentir, fixa na caluga, a túa propia mirada distante.
(1968)

O ASFALTO MOLLADO BAIXO A RODA
chapuca aínda a bravura da lama
que lacazanea coas brétemas e as baixas presións

peas hoopiski on luuavars
ja ladvaubin garaa?ipõrandal
on ammu pehastunud

ei taha omaks võtta midagi
kuid kõike riivamisi käsitella
ei ole usku kindlasse doktriini
vaid olematusse mis kõikjal ujub

oo mugulprohvetid
oo söödapeedijeesus
te vaadake te vaadake
mul käes on aulik teemantkinnas
mäenõlval närin slaalomsuuski
plaaatinast
kord viljandiski olin paadimees
ja munamäelt ma vaatsin alla orgu

Nüüd ise olen järv ja munamägi
ma närin aere mäge tõukavaid
bensiiinauto olen
naerev tapamaja

54

ma olen järjekordsed olümpiamängud
nad minu auks hotelle ehitavad
suur vundamendiauk on ikka armas mulle

mu kombitsate haardes moskva tallinnaga
ma olen marsalkka ja mohamed ali
mu rusikas käib mööda mannerheimi liini
ei ole usku kindlasse doktriini
vaid olematusse mis kõikjal ujub

ma olen klooritatud ujumisbassein
et pärast ujumist sul silmad kipitaksid
ma olen ostukorv ja pungil trollibuss

märg asfalt ratta alt veel
poriuljust pritsib
mis mestis ududega madalrõhuga

(1995)

[1979]

hai en troques unha vasoira na mente
e unha mazá do cotoriño dunha árbore está
medio podre no chan do garaxe

non hai ganas de tremar nada
senón máis ben de tocalo todo levemente
non hai crenza ningunha nunha doutrina firme
senón na inexistencia ubicua

oh profetas da pataca
oh xesús da remolacha
coidado coidado
teño na man unha luva de diamantes esfiañada
na aba dun monte rillo os esquís do slalom
unha vez en viljandi
fun ata remeiro de platino
e dende o alto de munamägi albiscaba o val

agora eu mesmo son un lago e munamägi
rillo os remos que acincan a montaña
son un camión cisterna
un matadoiro riseiro

eu son os vindeiros xogos olímpicos
edifican hoteis na miña honra
un inmenso buraco de alicerce sempre me praxe

os meus tentáculos apreixan moscova e tallinn
son marsalkka e mohammed ali
o meu puño segue a liña mannerheim
non hai crenza ningunha nunha doutrina firme
senón na inexistencia ubicua

son unha piscina clorada
polo que tras o baño che proen os ollos
son a cesta da compra e un carriño ateigado

o asfalto mollado baixo a roda
chapuca aínda a bravura da lama
que lacazanea coas brétemas e as baixas presións

(1995)

[1979]

HAAVELHUULED

oigavad räimed nagu piitskuu varjutus kulbirahus või tomatis
vahutav tondiküüs langeb hellalt kaelale
küsi luukere käest tuulele suitsu ja haavelhuuli
las krudiseb lima otseku kartul-turismibaas
seinaprakku on litsutud muhkmmammutid ja
muhkkatkmammutid
koos üleliidulise lenini ordenit kandva korallrifiga

koorevõi teada ei või miks ehku ega egat
ta suudlus ei eruta
ometi on koorevõi üleni selle suudluse sees
kingloomana poolduv pornograaf
ei oska oletada
kes neist on emane

eriti ajab kogu seltskonda segadusse see
et kose ristil kuulutatakse kolm taas kohtuseaduseks
piroplasmootiline punastaja kuseb risttule all risttee peale
ja ülendatakse klõpsti kindraliks
nii et kints hall

56

spordijalats seevastu unistab
globaalse amputeerimise õnnest
kuhu teda keegi ei kanna
ja kus teda keegi ei kanna

laisalt lookleb ataman üle pahkliku pariisi
üle orjavitstega ehitud börsipahkluu
libalondon ehmatas miinipildureid
oma võika westminsteriga

miinid pragunevad kaenlas ja
suured tiksuvad suud suhkrut täis
jooksevad pildurid
merre pardikarjale järele
enne vette jõudmist
hakkab lestade all tuksuma soo

piitskuu peksab oigavad silgud surnuks
luukere lennutab koos süljega seinaprakku ka
oma üleliidulised haavelhuuled

(2000)

[1980]

BEIZOS PERDIGÓN

Os arenques do Báltico rosman como o eclipse dunha lúa-látego en paz de
cullerón ou enlatada en salsa de tomate
unha unlla pantasma fumegante cae tenramente sobre unha caluga
pídelle ti ao esquelete un pito e mais beizos perdigón para o vento
que o limo se esmague cruxindo como unha acampada de patacas
esmagados nunha fenda da parede hai mamuts-bubas
e mamuts bubónicos
cun arrecife de coral condecorado coa orde de lenin de toda a unión¹

a manteiga non sabe por qué o seu bico
non excita un pero ou un talvez
aínda que a manteiga está de cheo nese bico
un pornógrafo esquizoagónico como un paramecio
non pode acertar
cal é femia

por riba de todo a sociedade enteira está preocupada
porque no cruce da fervenza aínda fica o terceiro ataque
un vergoñento babesiótico mexa no cruce no fogo cruzado
e noméano xeneral para que as súas coxas tornen grisallentas

os tenis en contraste soñan
coa felicidade dunha amputación global
onde ninguén os pon
e onde ninguén os gasta

folgadamente un xefe cosaco deambula polo enmarañado parís
por un nocello da bolsa adornado con interruptores
o falso londres asusta morteiros de trincheira
co seu westminster sinistro

as minas fenden sobacos
e os grandes fan tic con bocas cheas de azucre
os morteiros corren
ao mar detrás dun bando de patos
antes de chegar á auga
debaixo dos pés unha braña empeza a latexar

a lúa látego golpea ata a morte a arenques rosmando
un esquelete bota no curro
un esgarro e tamén os beizos perdigón da unión voan

(2000)

[1980]

¹ *Üleliidulise* (literalmente, “a unión total” ou “a unión enteira”) foi unha expresión empregada en tempos para facer referencia á URSS (*N. dos T.*).

MA EI SUUDA ÜHINEDA ÜHEGI ÕPETUSEGA

aga õpetused (õpetajatest rääkimata)
ühinevad kirglikult minuga
ikka ja jälle avastan ma
et mõni neist
on ennast oma iminapakestega
mu pahkluu külge imenud
ajajõe mudases põhjas
kipub mu labajala külge
täielik pluralism kinnituma
tean et seesugune pluralism on paratamatu
ometi tõstan vahetevahel jala veest välja
ja pühin nad jala pealt maha
sest kõigele vaatamata tahan kuuluda
eeskätt enesele

(1990)

LÄÄNEMEREMAADALE SAAB SAATUSLIKUKS VENEMAA

venemaale saab saatuslikuks jaapan
jaapanile saab saatuslikuks vaikne ookean
tuscara sügavik

saatus tõuseb idast
otsekui petlik päike

(1995)

TAIMNE DIREKTOR

pea lillede vahele vaasi torgatud
ja jalad peaaegu et vastu lage
nõnda pidi peadirektor veetma
poole oma tööpäevast
mingil ajavahemikul tekkis tal
liialdatud kartus
et keegi võib ta abitut olekut
ära kasutada
ta krokodillinahast kingade
paelad lahti nõõrida
ja need endale võtta

NON PODO SUMARME A NINGUNHA ENSINANZA

pero as ensinanzas (por non falar dos ensinantes)
súmanse a min apaixonadamente
unha e outra vez atopo
que algunhas delas
pegáronseme
ao nocello coas súas fauces
no fondo lamoso do río do tempo
o abafante pluralismo fíxase
á miña empeña
decátome de que ese tipo de cousa é inevitábel
pero de cando en vez
levanto o pé e sacúdoas
porque malia todo quero pertencer
só a min mesmo

(1990)

O DESTINO DOS PAÍSES BÁLTICOS DETERMINARAO RUSIA

o destino de rusia determinarao xapón
o destino de xapón determinarao o océano pacífico
o abismo de tuscarora

o destino nace no leste
coma un sol enganoso

(1995)

UN DIRECTOR VEXETALIZADO

coa cabeza metida nun xerro entre as flores
e os pés case no teito
o director xeral tiña que pasar
a metade da súa xornada de traballo
despois dun pouco
asaltouno un medo esaxerado
de que alguén puidese aproveitar
a súa indefensión
afrouxar os cordóns
dos seus zapatos de crocodilo
e levarllos

seejärel sugenes ta pähe aga
hoopis tõsisem mure
mu pea on juba mitu tundi vee all
miks ma ära ei lämbu
kas tõesti on mulle
lõpused kasvanud

veerand tundi enne tööpäeva lõppu
tuli arusaamatutel põhjustel
välja läinud sekretärineiu tagasi
oma ülemust säärases asendis nähes
kohkus ta üliväga
ta kutsus abimehed
üheskoos sikutati direktori pea
vaasist välja
aknaklaasides nägi direktor
väljatõmmatavat iseennast
vastu peegeldumas

ta nägi et ta juustest ja habemest
olid saanud peenikesed juured
soki ja püksisääre vahelt
paistvate jalakarvade otsa
olid kasvanud lilleõied

ma olen taimne mõtles direktor
see ei takistanud teda järgmisel hommikul
brüsselisse lendamast

(1995)

logo un desacougo moito máis grave
espallóuselle polos miolos
a miña cabeza estivo debaixo da auga varias horas
por que non afoguei
desenvolvería galaxas

un cuarto de hora antes da fin da xornada de traballo
a secretaria que saíra en misteriosas circunstancias
volveu
ao ver ao seu superior en tal posición
tomou moito medo
e pediu axuda a berros
xuntos quitaron a cabeza do director
do xerro
segundo o sacaban
o director viuse
reflectido na fiestra

viu cómo o cabelo e a barba
se lle viraran delgadas raíces
nos pelos das pernas
que se podían ver entre o calcetín e a basta
as flores abrían

Estou vexetalizado pensou o director
isto non lle quitou
de voar a Bruxelas ao outro día

(1995)

Jaan Kaplinski

KÕIK MIS OLI JA OLLA VÕIS ON KUSKIL ALLES

maa hoiab mälestust meredest teokarbid on kinni paes ja liivakivi valvab
endiste korallide und
kas saabki nii vaikselt käia ikka virgub kuskil midagi eoseid kerkib lendu
ja nõelu variseb kuuskedelt
männid seisavad keskpäevas vakka ja kaskede valge ükskõiksus jahmatab sind
poolel teel
ütlemata kivid ja sõnalausumata liiv mujal vaevalt saakski
puhata lõokeste killud üleval kõrgel helmed pilvede pihkudes
ja pääsukeste puhas ja kaugel kujutav geomeetria taeva puhastel lehekülgedel
asjad ei jää enam nimede juurde kividki rändavad ja vanad palmid rändavad
saarestikust saarestikku
kõik nagu rebitud laste pildiraamatust midagi ei liigu kõik on uus
ja imelikult valmis
metsmesilane ja liivatee kauged kirikud ja nelja ilmakaare keeled
kodu vanal viiulil
peod silmad ja suu täis vaikimise valget liiva ning muld ise see vana trummilööja
nurmede sügavuses
üks taevas üks ilm üks maa
nõgesed peavad pulmi ja õitseb okastraat
sellel mis jääb on lihtsad nimed avarus metsad ja päike ja palavavad kivid
vainutee ääres
mesilased otsatu palu mesilasi vilamas madalalt üle pea
pärnapuud rõõmustavad vihma käes ja vikerkaar tuleb toa taha jooma

(1976)

[1966]

TODO O QUE FOI E PUIDO TER SIDO ESTÁ AÍNDA EN ALGURES
 a terra garda a lembranza dos mares as buguinas están amoreadas na calcaria
 e a pedra de gra vixía o sono do que foi coral
 acaso pode un camiñar paseniño abondo nalgures unhas esporas espertan botan
 a voar e as penicas caen dos abetos
 os piñeiros érguense en silencio ao mediodía e a branca indiferencia
 dos bidueiros desacógate no medio do camiño
 pedras anónimas e a area calada dificilmente poderían repousar noutro sitio
 niscos de laverca alá no alto abelorios nos dedos das nubes
 e a pura e afastada xeometría descritiva das andoriñas sobre as páxinas limpas
 do ceo
 as cousas xa non gardan os nomes ata as pedras viaxan e as vellas palmeiras
 viaxan dun arquipélago a outro
 todo coma un debuxo ripado dun libro infantil nada se move todo é novo
 e estrañamente completo
 un abellón e un camiño areoso igrexas afastadas e as cordas dos catro puntos
 cardinais nun vello violino caseiro
 palmas ollos e boca cheos da branca area do silencio e a terra mesma ese vello
 tamborileiro nas profundas praderías
 un ceo un mundo unha terra as ortigas festexan os seus esponsais e o aramado
 florece
 o que fica ten nomes simples inmensidade bosques e o sol e pedras quentes
 á beira do camiño no campo da vila
 as abellas un infindo enxamio de abellas en voo raso sobre a cabeza os tileiros
 reloucan coa chuvia e o arco da vella bebe na fonte detrás da cabana

(1976)

[1966]

OLEN JÄLLE SIIN

Olevimäel saamata lahti
ebatõelikkuse tundest — linn
magab vaid see suur
mida peame linnaks ja meie
asutuste poodide ladude vaidlusõhtutega
oleme kujutused tema uinuva aju
keerulistes maastikes umbtänavais seinte vahel
tema tõeline nägu ilmutab end
aluspõhjas ja lubjakivis kus
olendid ja asjad on jõudnud tõeks saada
ja kõnetavad arusaadavas keeles
mind lõunaestlast kellele
ajalugu on liiga üürike kes
kohvikus ei käi ja jääb magama lugedes
küünis heintel C. G. Jungi "Psychologische Typen"

(1976)

[1967]

68

POEETIKA KOOLI KIRJUTAJA ÜTLE

mis jääb värssidest loendamata
rõhkude silpideta ütle mis jääb
mis on jäänud tollest kollasest
jalakalehest Kambjas rohtuva tee-
raja kruusal miks
mina panen ta mõttes kokku leevikesega
Emajõe ääres lumilumisel sirelipuul

(1972)

SAATSIN YUNICHIRO TALLINNASSE.

Rääkisime Idast ja Läänest, palkhoonetest ja kaevudest.
Tee ääres möödusid hiirekõrvul puud,
üksikud valged ülased, kevadine udu
ja rohekaskollane vinetus metsade kohal:

AQUÍ ESTOU OUTRA VEZ

en Olevimägi² embargado
pola sensación de irrealidade — a cidade
só dorme ese espacio grande
que chamamos cidade e nós
coas nosas oficinas, tendas, almacéns as nosas discusións da tardiña
somos fantasmas en paisaxes embarulladas
calellas sen saída entre muros no seu cerebro toqueante
a súa verdadeira cara revelada
no alicerce e na pedra caliza onde
seres e cousas proban ser verdadeiros
e falan nunha lingua familiar
comigo o surestonio para quen
a historia é demasiado breve que
non vai aos cafés e que adormece lendo
no pallote sobre o feo os *Psychologische Typen* de C.G. Jung.

(1976)

[1967]

ESCRITOR DA ESCOLA DE POÉTICA DIME

qué ficará dos versos se acentos sílabas
non se contan dime qué ficará
qué ficou daquela folla
amarela do olmeiro en Kambja sobre o grixo
dun carreiro invadido de maleza por que
os abeiro na mente xunto cun pimpín
na ribeira do Emajõgi³ pousado nunha névea lila nevada

(1972)

ACOMPÑEI IUNICHIRO A TALLINN.

Falamos do Este e do Oeste, cabanas de troncos e pozos.
Polo camiño pasamos diante de árbores brotando,
brancas anémonas solitarias, brétema de primavera
e néboa amarelo-verdosa sobre o bosque:

² A cuíña de San Olafo en Tallinn. 'Olev', en lingua estonia, podería asociarse con 'ser' ou con 'presente'.

³ Río que pasa por Tartu e desemboca no lago Peipus.

kased olid õitsema hakanud.
 Vahel olime vait, mõtlen, et tegelikult
 saime üksteisest nii hästi aru,
 et rääkimine sai peaaegu ülearuseks.
 Küsisin, kas SATORI on jaapani keeles
 tavaline sõna ARUSAAMISE tähenduses.
 "Ei," ütles tema, "selle sõna
 tähenduses on pidulikkust." Pedja jõgi
 oli küll kallastes tagasi, aga Käreveres
 olid luhad veel vee all.
 Tartu bussini oli tund aega. Istusime "Virus".
 Vestibüülis öeldi mulle, et oleksin ise —
 küsimist ootamata — pidanud näitama oma passi.
 Ütlesin, et teine kord näitan.
 Sõitsin tagasi. Vasakul paistis täiskuu
 pilvede vahel ja kuused tema kumas
 seisid nii, nagu oleksid nad rõõmsad-rõõmsad.
 Teisiti ma ei oska seda kirjeldada.
 Seda, kuidas nägi välja kuupaistes
 Emajõe luht, ma ei tea, siis ma magasin.
 (1985)

70

INIMESED TULID TURULT, PLOOMIPUUISTIKUD KÄES,
 tänavatele maaliti valgeid jooni.
 Koduteel, kui taas nägin sookaskede
 valgeid kõveraid tüvesid ja puhkevat lehestikku
 ja pilvealust taevast peegeldumas tulvaveeloidudes,
 tundsin, et veel natuke
 ja see ilu saab väljakannatamatuks —
 parem on vaatata jalge alla, kus võluvad
 tillukesed takjad, nõgesed ja pujud tärkavad mullast,
 või minna tuppa ja uurida sõnastikkudest,
 mida õieti tähendavad jaapani keeli
yuugen, sabi ja mono-no-aware:
 tumedus-salapära
 ja oleva võlu või kurbus oleva pärast.
 (1985)

os bidueiros empezaran a florecer.
Ás veces quedabamos calados; en realidade, coido
que as nosas mentes se acaroaron tanto
que falarmos era superfluo.
Pregunteille se SATORI en xaponés
era a palabra normal para ENTENDEMENTO.
“Non”, respondeu, “esa palabra
transmite solemnidade”. O río Pedja
volviera ao seu leito, pero en Kärevere
os vales aínda estaban alagados.
Quedaba unha hora para o autobús de Tartu. Sentamos en “Viru”.
Na entrada indicáronme que —
sen mo eles pedir — deberíalles ter presentado o pasaporte.
Dixen que o faría a próxima vez.
Volvín. Á miña esquerda a lúa chea
escintilaba entre nubes, e no seu feble fulgor as piceas
erguíanse, como se estivesen ledas, ledas.
Non podo describilas doutro xeito.
Cómo eran os vales de Emajõgi
no luar non o sei, porque estaba durmido.
(1985)

71

A XENTE VIÑA DA FEIRA CARREXANDO AMEIXEIRAS;
debuxábanse liñas brancas sobre o asfalto.
Indo para a casa, vin de novo
os torturados troncos brancos dos bidueiros
e a súa fronde espallándose polas follas
e o ceo nubrado reflectíndose nas pozas da riada,
de súpeto sentín que esta beleza
tornaba case insoportábel —
é preferíbel mirar ao chan onde engaiolantes
labazas diminutas, ortigas e artemisas agroman
ou meterse dentro e atopar no dicionario
qué significan, despois de todo, as verbas xaponesas
yūgen, *sabi* e *mono-no-aware*:
escuridade, misterio
e feitizo ou tristura polo que hai.
(1985)

SAIN KORD FIDZI SAARTELT PILTPOSTKAARDI,

mis kujutas suhkrurookoristust. Siis taipasingi,
et pole olemas midagi eksootilist.
Pole mingit vahet kartulivõtu vahel Mutiku aias
ja suhkruroolõikuse vahel Viti Levul.
Kõik on, nagu on, iseendas tavaline,
või õigupoolest ei tavaline ega imelik.
Kauged maad ja võõrad rahvad on unenägu,
uni lahtiste silmadega,
millest mõni eluaeg ei ärka.
Luulega on niisamuti — eemalolija meelest
on ta midagi erilist, salapärast, pidulikku.
Oh ei, luule (resp. luuletaja) on niisama vähe
eriline kui suhkruroopõld või kartulimaa.
Luule on nagu saepuru, mis tuleb sae alt,
või pehmed kollakad hõövlilaastud.
Luule on nagu õhtune kätepesemine
või puhas taskurätt, mida kadunud tädi
mulle kunagi ei unustanud kaasa anda.

(1985)

72

JÄLLE RÄÄGIB KEEGI KUSKIL

kuuekümnendate, seitsmekümnendate
või kaheksakümnendate aastate põlvkonnast.
Aga mulle ei meeldi sadism ega masohhism;
ma ei usu, et vanad oleksid noortest
või noored vanadest targemad;
minugi esivanem on Utnapištim,
kes elab Dilmuni saarel, kus on eluveekaev;
minu lapsed pissivad ka püksi ja mängivad liivakastis;
minu vend on loodetuul hõbepaju okstes;
minu õde on päikesevalgus valge pilve äärel;
mina ise olen pime kivist k o n n tühjas ruumis
ja mu p õ l v e l on arm sellest, kui kukkusin
jalgrattaga Kärevere lähedal maanteel,
kui luhad olid vee all ja Tiksoja metsas
õitsesid sinililled ja kraavipervedel ja tihnikus
oli veel laiguti lund.

(1985)

UNHA VEZ RECIBÍN UNHA POSTAL DAS ILLAS FIDXI
cunha foto da sega da cana de azucre. Entón decateime
de que nada de nada é exótico de seu.
Non hai diferenxia entre apañar patacas no noso xardín de Mutiku
e a seitura de cana en Viti Levu.
Todo o que é moi común
ou, máis ben, nin común nin estraño.
Terras e xentes lonxanas son un soño,
un soñar cos ollos abertos
do que alguén non esperta.
Pasa o mesmo coa poesía — vista de lonxe
é algo especial, misterioso, festivo.
Non, a poesía é aínda menos
especial que unha plantación de cana de azucre ou que un patacal.
A poesía é como o serrín que sae por baixo da serra
ou como as suaves labras amarelas dunha garlopa.
A poesía é lavarse as mans á tardiña
ou o pano limpo que miña defunta tía
nunca esquecía poñerme no peto.

(1985)

73

ALGUÉN ANDA A FALAR OUTRAVOLTA EN ALGURES
da xeración dos sesenta,
dos setenta ou dos oitenta.
Pero non me van nin o sadismo nin o masoquismo;
os vellos non me parecen máis sabios que os novos
nin os novos máis sabios que os vellos;
Utnapixtim, que vive na illa de Dilmun,
onda a fonte da xuventude, é tamén o meu devanceiro;
os meus cativos mexan polos pantalóns e xogan no caixón de area;
meu irmán é o vento do noroeste nas pólas do salgueiro;
miña irmá é a luz do sol que perfila unha nube branca;
eu mesmo son unha ra cega de pedra nun cuarto baleiro,
cunha cicatriz no xeonllo de cando
caín da bicicleta nunha estrada preto de Kärevere,
cando os vales aínda estaban anegados e nos bosques de Tiksoja
florecían violetas e nas beiras das quenllas e nas matagueiras
aínda había pintas de neve.

(1985)

ESINEJA RÄÄGIB, KUIDAS EESTI LUULES

kujutati isamaad. Väljas sajab
märga lund märjale maale. Üks jalakas,
suur vana jalakas õitseb juba. Rohi
on roheline, taevast hall, tuulevaikus
on midagi imelikku-pidulikku.
Kutsuti teed jooma — keeldun viisakalt.
Olen teel. Teel koju nagu ikka.

(1998)

O CONFERENCIANTE EXPLICA QUE A POESÍA ESTONIA

retratou o país. Fóra

a neve cae na terra húmida. Un umeiro,
un umeiro vello e grande florece xa. A herba
está verde, o ceo gris, no aire quedo
hai algo estraño e solemne.

Convídanme a té — eu rexéitoo amabelmente.

Vou de camiño. De camiño á casa, coma sempre.

(1998)

Paul-Eerik Rummo

HAMLETI LAULUD

1.

*Meri tõmbub endasse. On mõõn.
Luitel koltuv tormivabusõõn.*

*Kuule... mis seal kabab iilides
pahaendeliselt, hiilides?*

80

*Lõikehein, oh sõber, lõikehein.
Ning me kõrval seisab pilvesein.*

*Hirm on järsku. Viirastub, ennäe,
laps, kes lõikebeintes lõhub käe,*

*armastajapaar, kes kartmata
jookseb rannal, jalad katmata,*

*jalad katmata ja soontes tuulevein — — —
Lõikehein, oh sõber, lõikehein.*

*Jäta, jäta, lakka halamast,
ühtki pole rannal näha last,*

*kumbki pole paljajalu meist.
Miks ei labku siiski valu meist?*

*Lõikeheinad jäigalt kabavad.
Kõik, kes lapseks jääda tahavad*

*lootuses, et pilv, see suur ja must,
eal ei riiva nende armastust, —*

AS CANCIÓNS DE HAMLET

1.

*O mar ensúmese. É o devalo.
A espuma da treboada esmorece nas dunas.*

*Escoita... ¿que é ese murmurio do bris,
sinistro e á espreita?*

*A xunca, meu amigo, a xunca.
E diante de nós medra un nuboeiro.*

*Hai un medo súpeto. Mira, nunha visión,
un neno pica a man na xunca,*

*unha parella de namorados a correr, sen medo,
pola praia, cos pés espidos,*

*cos pés espidos, e nas veas viño de vento — — —
A xunca, meu amigo, a xunca.*

*Déixao, déixao. Para de laiarte
non hai neno ningún na praia,*

*ningún de nós vai cos pés espidos.
¿Por que aínda así non cede a dor?*

*A xunca renxe tensa.
Todos os que desexan quedar en nenos*

*esperan que a nube, a grande e negra,
non alcance o seu amor; —*

*kõik need viivuks minus kohtusid,
viivuks nägin nende ohtusid,*

*viivuks taevaga läks segi maa,
viivuks mõistsin: enam ma ei saa*

*seista kõhkvel vaiki, seal kus peaks
halva lihtsalt kisendama beaks — — —*

*Lõikehein, oh sõber, lõikehein.
Ning me kõrval seisab pilvesein.*

*Luitel koltuv tormivahusõõn.
Meri tõmbub endasse. On mõõn.*

2

Jab, olla, olla, tingimata olla
(Ah, ainult üks rüpp, ainult üks rüpp, kuhu panna pea!)
ja kahtluste ning tülpimuste tupest
(Ah, ainult üks rüpp, ainult üks rüpp, kuhu panna pea!)
mõök tõmmata, kui alatus ning totrus
(Ah, ainult üks rüpp, ainult üks rüpp, kuhu panna pea!)
mu lapsepõlve lapselikke ulmi
(Ah, ainult üks rüpp, ainult üks rüpp, kuhu panna pea!)
ühvardab uputada pettumuste mutta.

Nii olla, samas ometigi teada,
et elu pole meie võitlus, teada,
et see, mis tuleb, suurem on nii minust
kui minu vaenlasest. Nii olla, samas mõelda
veel sündimata lapsi, kelle naerust
me mõlemate mõõgad pudenevad.
Nii olla, olla, olla, samas mõelda
neid, kelle nime keegi veel ei tea.

*Abb, ainult üks rüpp, ainult üks rüpp, kuhu panna pea!
Ainult üks rüpp, ainult üks rüpp, kuhu panna pea!*

(1964)

*todos os que por un intre se fundiron en min,
por un intre vin os seus perigos,*

*por un intre o ceo mesturouse coa terra,
por un intre o comprendín: xa non*

*podo ficar indeciso e calado cando o que cumpriría
é simplemente trocar o malo en bo chorando — — —*

*A xunca, meu amigo, a xunca.
E diante de nós medra un nuboeiro.*

*A espuma da treboada esmorece nas dunas.
O mar ensúmese. É o devalo.*

2

Si, ser, ser, certamente ser

(Ah, só un colo, só un colo onde pousar a cabeza!).

e da vaiña de dúbidas e aburrimiento

(¡Ah, só un colo, só un colo onde pousar a cabeza!).

sacar a espada, cando a mesquindade e a sandez

(¡Ah, só un colo, só un colo onde pousar a cabeza!).

ameazan con afogar os meus infantís soños da infancia

(¡Ah, só un colo, só un colo onde pousar a cabeza!).

na lama das decepcións.

Así que ser, e asemade saber

que a vida non é a nosa loita, saber

que o que vén é máis grande ca min

e tamén máis grande que o meu inimigo. Así que ser e asemade

pensar nos nenos aínda por nacer que ao riren

destrúen as espadas de nós os dous.

Así que ser, ser, ser e ao mesmo tempo matinar

naqueles dos que ninguén sabe aínda o nome.

¡Ah, só un colo, só un colo onde pousar a cabeza!

¡¡Só un colo, só un colo onde pousar a cabeza!!

(1964)

OLLA MAASTIK, OLLA MAASTIK SUUREJOOONELINE

voortel kuuseladvus kobrutamas käbid;
maastik lumivalge, tuulejäljesooneline,
olla maastik, üllas maastik, mida läbib
jõgi, samas jää pääl lastesummi kandes,
karussellitavaid ülemeelikuna,
samas tammihangest roheliselt langedes
lausveeseelikutena, veelinikuina;
olla maastik, millel vana villaveski
pisitasa pöörab võlli, ise tasa
vappub... igavesest ajast igavesti;
maastik nälgind varestele kisendada;
maastik hundiöine, maastik päikse-eelne,
maastik keerutada karussellivõlli,
kanda tähetorni, kanda klaasjat võlvi,
olla maastik, olla maastik suuremeelne

pisilinna muuseumiseinal lamades
kiirgav maastik, ümber tuhmund raamirandid;
mündid-kondid pleegivad vitriinilavades,
haigutavad lontis ekskursandid;
olla olles, teades, et ei leita
eales sõna sulle nimeks; teades,
et ei saagi seda leida eales;
olla maastik, lumevalgust heita;
olla maastik, hoida tuisujärgset rahu,
kuni keegi, kellele ei mahu
rindu tema süda, tuiskab üle toa,
äigab lõuendisse noa.

(1966)

MIKS MA VÄLISMAALE EI PÕGENE

1.

Armastada (mõtlen siin selle all: osata
olla nõrk ja täiesti täiesti
ükskõikne, saagu mis saab),
niisiis, armastada ja luuletusi kirjutada
saab lõpuks igal pool ja lõpuks
ära ei eal sellest kuskil.

SER UNHA PAISAXE, SER UNHA PAISAXE MAXESTOSA
nos cumios glaciarios coroados de abetos rebordantes de piñas;
unha paisaxe nívea, con veas como as pegadas do vento,
ser unha paisaxe, unha paisaxe fidalga cruzada
por un río que transporta un acio de nenos no seu xeo,
pivotando, circense,
pero tamén descende, verdoso, sobre os sedimentos,
como saias de auga, mantelos de auga;
ser unha paisaxe na que un vello muíño de la
vira o eixe paseniño, dando tombos
silandeiro... mundo sen fin;
unha paisaxe na que os corvos famentos poden laiarse;
unha paisaxe de boca de lobo, unha paisaxe pre-solar,
unha paisaxe para rotar o eixe dos cabaliños,
para instalar un miradoiro, para instalar un arco de vidro,
ser unha paisaxe, ser unha paisaxe maxestosa

pendurada na parede do museo local,
unha paisaxe relucente, encadrada nuns lindeiros esvaecidos;
moedas e ósos decolóranse nunha escuadra de vitrinas,
tediosos turistas están a bocexar;
ser sendo, sabendo que ningunha verba
se atopará para poñerte nome; sabendo
que non a poderán atopar endexamais;
ser unha paisaxe, ceibar luz nívea;
ser unha paisaxe, ficar en paz despois dunha tormenta de neve
ata que alguén a quen non lle cabe
o corazón no peito cruza a sala ás alancadas
e espeta un coitelo no lenzo.

(1966)

85

POR QUE NON ESCAPO AO ESTRANXEIRO

1.

Amar (quero dicir: poder
ser débil e totalmente, totalmente
indiferente, pase o que pase),
deste xeito, un pode amar e escribir poemas
en calquera lado despois de todo e despois de todo
non se pode vivir diso en calquera lado.

2.

Alati ei jõua nõrk ju ka olla
ja lohiseda luuletava loomaga endas
kaasa, ja mõnikord
puhkab ju temagi pikalt ja armastus mõnikordki libiseb peost,
ja oledki olukordades, mis sunnivad kavalaks, julgeks,
julmaks, igavkavalaks, igavjulgeks —
nagu vist igal pool mujal? ei tea.

3.

Seisab segavereline,
siit rootslane, sealt mustlane,
veidi sugulas-soomet ja ingerit, taani ja poola sinist,
alamsaksa aadellikust, viimastes aastaringides venet,
sekka kolgaste lombakaid põlvkondi, verepilastust, pealegi
viimseni mulda jooksnud, ainult
keel veel veritseb, ainult keel veel
enam-vähem terve ja vana, ainult keel veel käib, mees
seisab, mees seisab, seisab segavereline,
metsastajate ja meresõitjate
küsitav, vägagi küsitav järglane
("varja vabadust!", varja, vii metsa ja pista samblasse,
võta merele kaasa) — kuid
kellest on tulnud siis, kellest on jäänud,
kellest on jäänud siis see, kes siin seisab,
Kalevipoeg kadunukene kaenlas, jalad oma lolluse läbi
otsast raiutud, lennukid pea kohal
paukumas, seisab
ja proovib soomeugriliselt mediteerida,
mets hõre, meri kinni, piir
kinni, seisab
ja viskab vahel vaatajatele võõrkeelset nalja, seisab
oma kadakate ja gootikate keskel,
mida pole kuskil mujal ilma peal,
kadakate, mis kasvavad täpselt kõrini, ja gootikate,
millega pole tal rohkem pistmist kui mõne minaretiga.

86

4.

Mis üldse tähendab "põgenema"?
Püha taevas küll, tõepoolest, miks siis mitte,

2.

Non se pode ser sempre débil
e andar arrastrado polo animal que se leva dentro
e que escribe poemas, e ás veces
fai un longo descanso e ás veces o amor escorrégaselle das mans,
e atópaste en situacións que te fan afouto, intelixente,
cruel, aburridamente afouto, aburridamente intelixente —
¿poida que como en calquera outro sitio? Non sei.

3.

Un mestizo en pé,
sueco por unha banda, xitano pola outra,
un pouco de ugrofinés e de íngrio, de azul danés e polaco,
un pouco da baixa nobreza xermana, e nos últimos aneis anuais, ruso,
mesturado con xeracións coxas de lugares recónditos, incestos, despois de todo,
caídos na terra ata o último, só
a lingua aínda sangrando, só a lingua aínda
máis ou menos sá e vella, só a lingua aínda en movemento, o home
en pé, o home en pé, un mestizo en pé,
o cuestionábel, moi cuestionábel
seguidor de plantadores de árbores e navegantes
("agochade a liberdade", agochádea, levádea ao monte e envolvédea en musgo,
levádea mar adentro) — sen embargo
de quen saíu este, de quen quedou,
de quen quedou este que está aquí en pé,
Kalevipoeg, o perdido, cos brazos e as pernas feridos,
pola súa estupidez, avións sobre a súa cabeza
escachándose, el intenta mediar á súa maneira ugrofinesa,
o bosque raro, o mar pechado, a fronteira
pechada, él está en pé
e ocasionalmente bromea cos espectadores en lingua estranxeira, en pé
entre os xuníperos e as torres góticas
que ningún outro sitio do mundo ten,
entre os xuníperos que medran exactamente ata a altura da gorxa, e torres
góticas
coas que non ten máis que ver que con algúns minaretos.

87

4.

¿Que quere dicir despois de todo "escapar"?
Por Deus, abofé, ¿por que non,

kui niisamuti minna ei saa
ja kui sind siin keegi ei vaja?
Hirm ja võõrdumus, hirm ja võõrdumus,
näljahirm ja võõrdumus toime
tulla, saagu mis saab,
sattudes kuhu tahes.

5.

Ja armastada ja luuletusi kirjutada
saab lõpuks igal pool ja lõpuks
ära ei ela sellest kuskil.

(1989)

[1968-1972]

IKKA LIIVIST MÕELDES

1

88

Või — ehk teda polnudki üldse?!

Ehk oli ainult

lumesadu

järvesse

ja räitsakate

sulamine

järvesse

ja üheskoos

jäätumine?...

Külm. Üks praksatus

hallide haavatrellide taga

metsas. Miski läks katki

pakasetaeva all.

2

Jah, kas teda oligi üldse?

Küll, oli küll! — Oh, kuidas kukepoeg toksib
südant seestpoolt kui munakoort.

se non podes vivir normalmente
e se ninguén te necesita aquí?
Medo e estrañamento, medo e estrañamento,
temer a fame, e estrañar
a man para apañarse, pase o que pase,
onde queira que te atopas.

5.

E pódese amar e escribir poemas
en calquera lado despois de todo e despois de todo
non se pode vivir diso en calquera lado.

(1989)

[1968-1972]

AÍNDA PENSANDO EN LIIV

1

¿Ou — se cadra nunca existiu!?
¿Se cadra só era
a caída da neve
na lagoa
e o derreterse
dos copos de neve
na lagoa
a fundírense
como xeo?...

Frío. Unha fenda
tras as grises ringleiras de álamos
do bosque. Algo rompeu
baixo o xélido ceo.

2

Si, pero ¿é certo que existiu?

Aínda, aínda vivía — Ai cómo peteira un pito
no corazón, como unha casca, dende dentro.

Juba ajabki rinna ette:
oli küll, oli küll meil säärane mees,
televisionimast rabas,
mäelseisja madalal nõmmel!

Ei, ei, seda tõepoolest mitte!
Kõige igavama argisema kesknädala nimel —
mitte seda, müüti, seda uhket ja suurt!
Tema on ju meie, ja ärme teeme endast
seda müüti, seda uhket ja suurt.

Tema on ju meie — väike külmetav järv.
Tema on ju meie — lumi lõdisevasse vette.
Üks väike järv, kes püüab hoida end jäätumast,
hoida ennast ja hoida metsa, mis ta ümber,
hoida maailma oma ainukeses peeglis.

Meie oleme üks. Järv on metsas ja mets on järves.
Meie oleme üks. Järv tõuseb lumeks ja lumi lengeb järveks.

Muud midagi.
Ja üksainus praksatus.
Metsas või järves? Puusüda? Jääkaas?

90

Ainult mitte seda müüti, seda uhket ja suurt
siin vaikiva, leinaliselt valge
pakasetaeva all.

(1966)

Xa saca o peito:
¡si, tivémolo, tivemos ese home,
unha torre de comunicacións no medio da braña,
un home de pé no outeiro rodeado de vales!

¡Non, non, iso de ningún xeito!
No nome do xoves mais común —
ese mito non, pomposo e grande.
El é noso, non nos convirtamos
nese mito pomposo e grande.

É noso — unha lagoa cativa rizada.
É noso — neve na lagoa rizada.
Unha lagoa cativa que fai por non se xiar,
conterse e conter o bosque que a rodea,
conter o mundo no seu único espello.

Somos un. Unha lagoa está no bosque e o bosque nunha lagoa.
Somos un. Unha lagoa álzase feita neve e a neve cai logo na lagoa.

Namais.

E só unha fenda.

¿No bosque ou na lagoa? ¿Un corazón de pao? ¿Un casco de xeo?

91

Pero non ese mito, pomposo e grande
aquí baixo o ceo calado e lastimeiro, e
branco e xiado.

(1966)

Juhan Viiding

(Jüri Üdi)

96

SEL POISIL OLİ RASKE VERETÕBI
ja Päevalille tänaval ta elas
sääł aknad paistsid hädavaevalt läbi
ja päevast päeva isa pille neelas
SEL POISIL OLİ RASKE VERETÕBI
ja surmal oli hammas verine
poiss teadis süste saades päeva läbi
et elu surmast suurt ei erine
SIIS ÜHEL PÄEVAL OLİ KOOLISAALIS
sääł turnimisepuudest ukse pool
kirst millest koolilapsi mööda saalis
kes haige puudus muidu terve kool
JA ÕPETAJA PULDIST RÄÄKIS JUTTU
ei rääkinud kus Bonn või Pakistan
ma ukse juures kuulsin keset nuttu
kui hüüti et ma käimist takistan
DIREKTOR TULI SIIS ÜKS PABER NÄPUS
ja ütles: Helmut teame sinu soov
(õhk järjest rohkem talumatuks läppus)
on olnud hästi lõpetada kool
JA TUNNISTUS SIIS KIRSTU TALLE PANDI
kus igas aines viied kevadeks
ma tundsin nähes seda viimast andi
et selg mul pikkamööda tõmbus higiseks
(1971)

AQUEL RAPAZ TIÑA UNHA GRAVE DOENZA DO SANGUE
e vivía na Rúa Xirasol
alí as ventás a penas eran transparentes
e día tras día tomaba as pímulas do pai
AQUEL RAPAZ TIÑA UNHA GRAVE DOENZA DO SANGUE
e a morte andaba sedenta de sangue
ao tomar as doses polo día o rapaz ben sabía
que a vida non difería moito da morte
ENTÓN UN DÍA APARECEU NO XIMNASIO DA ESCOLA
á esquerda das barras paralelas preto da porta
un cadaleito ao pé do que pasaban os nenos
estaba alí toda a escola agás os que enfermaran
E DENDE O PODIO UN PROFESOR ESTABA A FALARLLES
non contaba onde están Bonn ou Paquistán
preto da porta oín chorar
cando alguén me berrou que camiñase máis a modo
O DIRECTOR PÚXOSE LOGO DE PÉ CUNHA FOLLA NA MAN
e dixo: Helmut sabemos que a túa derradeira vontade
(o aire tornou aínda máis abafante e insufribel)
era chegares á graduación
E LOGO NO CADALEITO COLOCARON O DIPLOMA
e en todas as materias daquela primavera había sobresalientes
ao ver esa derradeira ofrenda sentín
un lento suor nas costas
(1971)

KÜLALINE VÄLISMAALT

mu juurde koju tuli vihmavarju
käevangus hoidev välismaa teatraal
tol õhtul muide tahtsin üksi olla
sest minu kodu on mu katedraal

too isand tallas poriseks mu vaiba
ja õhku rikkus
sigar mis tal suus
ta tundis huvi kelle äris teenin
ja mis ma teenin näiteks ühes kuus

jutt muudkui venis nagu härja ila
Ich liebe Dich
ma röögatasin siis
ta kergelt ehmus astus trepikotta
lift oli vaba ja ta alla viis

(1973)

98

NII. MULLE TUNDUB ET MA HAKKAN TARGAKS SAAMA.

ma olen õppust võtnud elust enesest.
kuid millest räägib minu esimene draama?
kas mitte rebasest? kas mitte jänesest?

ei. küllalt nendest! inimelu raskus
see on probleem mis väärrib rasket tööd.
ma kannan paksu kirjaplokki taskus
ja magama ei lähe enne ööd.

nii. selles elus tarvis palju maitsta.
nii palju naerda nutta aimata.
ja oma õigeid veendumusi katsta
kui rumal mees neid püüab laimata.

nii. tahan ka et teater nõndasama
kui elu ise väärriks vaatamist
ja paneks oma elu unustama
me elus

mis täis elujaatamist.

(1973)

UN VISITANTE ESTRANXEIRO

un actor estranxeiro co paraugas no brazo
veu visitarme á casa
por certo esa tarde eu quería estar só
porque a miña casa é a miña catedral

o cabaleiro ensuxoume a alfombra
e co cigarro na boca
avinagrou o aire
quería saber para que compañía traballaba eu
e por exemplo cantos cartos facía ao mes

a conversación arrastrábase coma cuspe de touro
entón bruei
Ich liebe dich
ergueuse asustado e foi cara á porta
o ascensor estaba libre e baixou nel

(1973)

99

POIS BEN. TEÑO A SENSACIÓN DE QUE ME ESTOU VOLVENDO MÁIS SABIDO.
a vida mesma tenme aprendido moitas leccións.
¿pero de que vai falar a miña primeira obra dramática?
¿dun raposo? ¿dun coello?

non. ¡basta xa diso! a dificultade da vida humana
este é un problema que merece moito esforzo.
levo un caderno groso no peto
e de noite non me deito ata moi tarde.

pois ben. nesta vida hai que probalo todo.
hai abondo para rir para chorar para agoirar
e para defender as ideas propias
cando algún estúpido tenta desacreditalas.

pois ben. gustaríame tamén que o teatro
merecese ser visto como a vida mesma
e que fose quen de nos facer esquecer a vida propia
nunha vida
chea de amor á vida

(1973)

“AEGLAST ENESETAPPU EI ANNA
ma iial endale andeks.”

See, mis ma ütlesin, olgu
mu elu
truuduse
vandeks.

(1975)

KÕIK ON ÜKSI, ÜTLEVAD POEEDID.

Ainult ühe väikse vahega.
Olen püüdnud näha seda vahet;
suurendada ja ka vähendada.
Talvel sajab Eestis harva rahet.
Puhast valu ei saa vähendada.

(1975)

100

1954

Ükskord kõndis pargis neiu,
temal oli seljas ja käes ja jalas.
Seljas oli tal must kombinee.
Ja mantel.
Mantli krae oli rebaselahast.
Tal oli sinine sametkleit.
Huuled olid tal värvitud.
Tal olid punase lakiga lakitud küüned,
tal oli roheline käekott.
Jalas olid tal kaproonsukad ja kõrge kontsaga kingad.
Sellel neiul oli mees.
Sellel mehel oli seljas ja jalas.
Seljas oli tal pintsak ja püksid ning mantel ja lips.
Peas oli tal kaabu. Jalas olid tal kingad.
Neil oli ilus korter. 3 tuba ja 1 köök.
Toad on neil ilusti sisustatud. Neil on diivanid
ja tugitoolid, puhvet, televiisor, raadio, klaver.
Neil on tolmuimeja ja isiklik Pobeeda.
See neiu oli kohviku ettekandja. Neil on 1 kord nädalas

“EU NUNCA ME CONCEDERÍA
un suicidio lento”.

Que isto que dixen sexa
para a miña vida
unha prenda
de fidelidade.

(1975)

